


CLASIFICACIÓN DOS SERES VIVOS




REINO	Tipo de células	Nº de células	Tecidos	Nutrición	Exemplo
MONERAS					
PROTOCTISTAS					
FUNGOS					
PLANTAS					
ANIMAIS					




Estrutura dunha bacteria



Clasificación das bacterias segundo a súa forma



CARACTERÍSTICAS:



Procariotas unicelulares. Nutrición diversa (autótrofa e heterótrofa). Reprodución asexual por bipartición. Algunhas para sobrevivir en condicións adversas producen formas de resistencia (esporas). Divídense en dous grupos:




- Eubacterias. A este grupo pertencen a maioría dos procariotas. Nel inclúense organismos procariotas fotosintéticos (cianobacterias) ata parasitos como as clamidias
- Arquibacterias. Inclúe procariotas que viven en ambientes extremos: altas temperaturas, baixa concentración de osíxeno, elevada concentración salina, etc.



OS PROTOZOOS

CARACTERÍSTICAS:

- Eucariotas heterótrofos unicelulares
- Poden ser de vida libre e habitar no chan, na auga doce (como os paramecios ou as amebas) ou mariña.
- Algúns deles son parasitos podendo chegar a producir graves enfermidades aos seres humanos. É o caso da enfermidade do sono causada polo protozoo Trypanosoma transmitida pola mosca tsé-tsé; ou o plasmodio que produce a malaria
- Reprodúcense de xeito asexual mediante división binaria, xemación ou esporulación
- Atendendo a súa forma de moverse, clasifícanse en catro clases: ciliados, flaxelados, rizópodos e esporozoos

SPOROZOA  Inmóviles. Todos parasitos estrictos. Ex. Plasmodium e Toxoplasma	SARCODINA  Móvense a través de pseudópodos. Ex. Foraminíferos e Entamoeba
MASTIGOPHORA  Móvense mediante flaxelos Ex. Trypanosoma e Leishmania	CILIOPHORA  Móvense mediante cílios Ex. Paramecium

AS ALGAS

CARACTERÍSTICAS:

- Eucariotas autótrofos fotosintéticos exclusivamente acuáticos
- Son semellantes aos vexetais pero diferéncianse das plantas por carecer de verdadeiros tecidos, son polo tanto, talófitas, é dicir, carecen de tallos, follas e raíces verdadeiras
- Para poder realizar a fotosíntese conteñen clorofila e outros pigmentos fotosintéticos
- Reprodúcense sexualmente e asexualmente (por esporas e por fragmentación)
- Poden ser unicelulares (como as diatomeas, euglenas ou dinoflaxelados) ou pluricelulares
- Algúns dinoflaxelados son os responsables de liberar toxinas ou venenos moi potentes ao mar provocando a morte de numerosos seres vivos. Cando se encontran en grandes concentracións, producen as chamadas mareas vermellas
- Dentro das algas pluricelulares dependendo do pigmento fotosintético predominante diferéncianse tres tipos: algas verdes ou clorófitas (deben a súa cor á clorofila), pardas ou feófitas (nas cales os pigmentos predominantes son a clorofila e a fucoxantina) e as algas vermellas ou rodófitas (nas que predomina o pigmento ficoeritrina)

**Euglenofitas
(euglenas)**



**Crisofitas
(diatomeas, algas amarelas)**



Dinoflagelados



**Clorofitas
(algas verdes)**



**Feofitas
(algas pardas)**





**Rodofitas
(algas rojas)**



OS FUNGOS

CARACTERÍSTICAS:

- Eucariotas heterótrofos. Dependendo da súa nutrición heterótrofa poden ser:
 - * saprobiontes se obteñen o seu alimento da materia morta
 - * parasitos se se alimentan de hóspedes vivos aos que causan enfermidades (por exemplo a tiña ou o pé de atleta)
 - * simbiontes se conseguen o seu alimento doutros organismos cos que establecen relacións beneficiosas. Por exemplo os líquenes nos que os fungos se asocian con algas microscópicas e nas cales o fungo achegan humidade e sales minerais e a alga realiza a fotosíntese
- Necesitan sempre humidade para sobrevivir
- Poden ser unicelulares (como os lévedos) ou pluricelulares (como os cogumelos)
- Poden reproducirse sexual e asexualmente (por esporas ou por fragmentación)
- Algúns fungos unicelulares teñen importancia industrial xa que se empregan nas fermentacións (por exemplo *Sacharomyces cerevisiae* que participa na transformación do mosto en viño ou na fabricación da cervexa)
- Os fungos pluricelulares non teñen verdadeiros tecidos, senón que as súas células agrúpanse formando uns filamentos chamados hifas. O conxunto de hifas recibe o nome de micelio. Nalgúns fungos como o níscolo ou o champiñón obsérvase unha parte visible denominada seta que se corresponde o aparello reprodutor, e que só aparecen temporalmente cando o fungo se vai reproducir.
- Clasifícanse en tres grupos: zigomicetos (nos que se inclúen aos mofos formados por un micelio de aspecto algooeiro sobre a superficie de moitos alimentos), os ascomicetos (entre os que se inclúen as levaduras e trufas) e os basidiomicetos que presentan unha seta característica)





REINO DOS FUNGOS

AS PLANTAS


CARACTERÍSTICAS XERAIS:

- Eucariotas pluricelulares de nutrición autótrofa fotosintética cuxas células están recubertas dunha parede celular que ten como compoñente principal a celulosa
- Posúen tecidos verdadeiros
- A maioría vive no medio terrestre, aínda que tamén existen plantas acuáticas
- Non se desprazan xa que se atopan fixas ao substrato
- Posúen un ciclo diploide con alternancia de xeracións: o esporófito e o gametófito
- A clasificación das plantas faise tendo en conta os seguintes criterios:



AS PLANTAS: OS BRIÓFITOS


CARACTERÍSTICAS:



- Son plantas terrestres de pequeno tamaño que viven en lugares moi húmidos e sombríos
- Dentro deste grupo inclúense as carrizas (musgos) e ás hepáticas
- Carecen de vasos condutores para o transporte de zume bruto e elaborado, por iso absorben a auga e os sales minerais a través de todo o seu corpo
- O seu corpo está formado por un falso talo chamado caulidio que se fixa ao chan por unhas falsas raíces ou rizoides que non serven para a absorción, e provisto dunhas falsas folliñas, os filidios
- Na época reprodutora no extremo do caulidio medra un pedúnculo cunha estrutura engrosada chamada cápsula ou esporanxio, no interior do cal se atopan as esporas
- Cando as esporas caen no chan xerminan e orixinan novas carrizas

AS PLANTAS: OS PTERIDÓFITOS


CARACTERÍSTICAS:



- Este grupo inclúe aos fentos e aos equisetos (colas de caballo)
- Viven en lugares húmidos e sombríos
- Posúen verdadeiras raíces, talos e follas, ademais de vasos condutores, pero carecen de flores e sementes
- Posúen un talo subterráneo e grosso que se chama rizoma, de cuxa base saen auténticas raíces que o fixan ao chan e absorben auga e saes minerais
- As súas follas chamadas frondes nacen do rizoma. Na época reprodutora, no envés destas follas aparecen uns avultamentos pardos chamados soros. Estes soros están formados por agrupamentos de esporanxios que conteñen multitude de esporas. Cando as esporas están maduras, son liberadas, caen ao chan, xermolan e dan lugar a novos fentos.

AS PLANTAS: AS XIMNOSPERMAS

CARACTERÍSTICAS:




- Son os arbustos ou árbores
- Posúen raíces, talos, follas, flores e sementes pero non froitos (xa que os seus óvulos non están encerrados nun ovario)
- As súas follas soen ser aciculadas (como nos pinos) ou de escama (como nos cipreses), e soen ser perennes
- Comprende varios grupos sendo os máis abundantes e coñecidas as coníferas: piñeiros, abetos, cedros, cipreses, teixos, etc.
- As súas flores son sempre unisexuais: hai flores masculinas e flores femininas que se agrupan en inflorescencias. As inflorescencias femininas denomínanse conos ou piñas
- Cando os grans de polen fecundan aos óvulos, estes transfórmanse en sementes, os piñóns. A un tempo, as escamas do cono maduran e endurecéanse para protexer as sementes, dando lugar á piña

AS PLANTAS: AS ANXIOSPERMAS


CARACTERÍSTICAS:

- Son vexetais de distintos tamaños; herbas, arbustos ou árbores
- Posúen raíces, talos, follas, flores, sementes e froitos
- As súas follas, normalmente caducas, posúen formas e tamaños variables
- As súas flores son moi evolucionadas e soen ser hermafroditas
- Divídense en dous grupos: monocotiledóneas e dicotiledóneas

MONOCOTILEDÓNEAS



DICOTILEDÓNEAS



OS ANIMAIS

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

- Eucariotas pluricelulares de nutrición heterótrofa
- Teñen sensibilidade, é dicir, captan estímulos procedentes do medio e responden a eles grazas ao sistema nervioso e hormonal
- A maioría deles poden desprazarse, aínda que algúns, chamados sésiles, viven fixos ao substrato
- Poden clasificarse atendendo a distintos criterios, por exemplo:
 - * en función da súa simetría poden ser radiais ou de simetría bilateral
 - * en función do seu desenvolvemento embrionario poden ser diblásticos (como os poríferos e cnidarios) ou triblásticos (resto dos animais)
 - * en función de se presentan ou non cavidades corporais pechadas ou celoma poden ser acelomados (cnidarios, platelmintos, nemertinos) ou celomados
 - * en función do lugar no que se forme a boca no embrión poden ser protóstomos (a boca orixínase a partir dun orificio distinto ao blastoporo como nos artrópodos) ou deuteróstomos (se a boca se orixina a partir do blastoporo como nos vertebrados)
 - * en función da presenza ou ausencia da columna vertebral poden ser vertebrados (si posúen un esqueleto óseo interno formado por ósos e/ou cartílagos) e invertebrados (se carecen deste esqueleto interno)

REINO DOS ANIMAIS

Invertebrados




Vertebrados



OS ANIMAIS: OS PORÍFEROS

CARACTERÍSTICAS:


- Tamén denominados esponxas, son animais acuáticos, xeralmente mariños
- Son animais de corpo brando con forma de saco que xeralmente posúen un esqueleto formado por espículas de diferentes tipos
- As esponxas non posúen órganos nin aparatos
- O seu corpo está perforado por numerosos poros
- Polos poros entra auga do exterior e, través de canles, chega a unha cavidade central, ou adro revestido por unhas células cun longo flaxelo e colar, denominadas coanócitos. A auga sae de novo ao exterior por unha abertura superior chamada ósculo
- Aliméntanse por filtración quedando as substancias alimenticias retidas no colar dos coanócitos
- Reprodúcense de xeito asexual (por fragmentación ou xemación) ou sexual. Na reprodución sexual trala fecundación orixínanse larvas libres que se fixan a un substrato, desenvolvéndose ata dar lugar a un individuo adulto



OS ANIMAIS: OS CNIDARIOS

CARACTERÍSTICAS:


- Son animais acuáticos entre os cales se atopan as medusas, anémonas de mar e os corais (de auga mariña) e as hidras (de auga doce)
- Posúen unhas células urticantes denominadas cnidoblastos
- Carecen de aparellos e sistemas
- O seu corpo posúe unha cavidade gastrovascular que comunica co exterior por un orificio rodeado de tentáculos, que fai as veces de boca e de ano
- A maioría son carnívoros xa que capturan ás presas cos tentáculos e as paralizan por medio dos cnidoblastos dixeríndoas posteriormente na cavidade gastrovascular
- Pódense presentar en forma de pólipo ou medusa. Os pólipos teñen o corpo tubular coa boca na parte superior dos tentáculos. As medusas posúen unha umbela con forma de campá en cuxa parte inferior se localizan os tentáculos e a boca
- Os pólipos reproducense de xeito asexual mediante xemación mentres que as medusas adoitan ter unha reprodución sexual



OS ANIMAIS: OS ANÉLIDOS

CARACTERÍSTICAS:

- Neste grupo inclúense as miñocas de medios terrestres e as sambesugas de medios acuáticos
- Posúen un corpo cilíndrico e alongado dividido en aneis que reciben o nome de metámeros. En cada un destes metámeros repítense certos órganos, como o tubo dixestivo e excretor, os nervios e algúns vasos sanguíneos
- Na súa parte anterior localízase a boca e na posterior localízase o ano
- Posúen aparello circulatorio, dixestivo, circulatorio así como cordóns nerviosos
- A súa respiración é cutánea
- As miñocas aliméntanse de partículas orgánicas do chan mentres que as sambesugas nútrense de sangue (son parasitos temporais de animais vertebrados)
- A maioría poden desprazarse utilizando órganos locomotores semellantes a pelos que reciben o nome de quetas
- Poden reproducirse de xeito sexual ou asexual, e ser hermafroditas ou de sexos separados
- Clasifícanse en tres grupos: poliquetos, oligoquetos e hirudíneos



POLIKUETOS

Teñen moitas quetas en cada metámero. Adoitan ser mariños



Nereis (verme mariño)

OLIGOQUETOS

Teñen poucas quetas en cada metámero. A maioría deles soen ser terrestres



Miñoca de terra

HIRUDÍNEOS

Non teñen quetas. Son anélidos dulceacuícolas parasitos que posúen unha ventosa en cada extremo do corpo para fixarse e zugar o sangue ás súas vítimas




Sambesuga

OS ANIMAIS: OS MOLUSCOS

CARACTERÍSTICAS:

- A maior parte son invertebrados acuáticos aínda que algúns como os caracois e as lernas son terrestres
- Posúen un corpo brando formado por unha capa externa chamada manto que rodean á masa visceral (conxunto de órganos internos), unha cuncha interna ou externa (agás nas lernas e os polbos) e un pé musculoso que empregan para moverse
- Posúen un sistema circulatorio sinxelo e un tubo dixestivo con boca e ano, así como órganos sensoriais de equilibrio, olfacto, gusto e vista
- Os moluscos terrestres respiran mediante pulmóns e os acuáticos por branquias
- Poden ser herbívoros, carnívoros ou filtradores
- A súa reprodución é sempre sexual e hai especies de sexos separados como o polbo e especies hermafroditas como o caracol
- Clasifícanse en tres grupos: bivalvos, gasterópodos e cefalópodos



BIVALVOS

Posúen dúas cunchas ou valvas unidas por unha especie de bisagra e non teñen unha cabeza diferenciada. Son animais mariños que viven fixos ao substrato. Aliméntanse filtrando microorganismos que arrastran cara á boca por correntes de auga



Ex. mexillóns, ameixas e ostras

GASTERÓPODOS

A súa cuncha consta xeralmente dunha soa peza enrolada en espiral. Teñen unha cabeza diferenciada cunha boca e catro tentáculos, un táctil e outro con o que se move. Poden ser terrestres ou acuáticos e case todos son herbívoros



Ex. caracois e lernas

CEFALÓPODOS

A cabeza está diferenciada e nela sitúanse os ollos, moi desenrolados, e a boca. Carecen de cuncha externa agás os nautilus. O pé rodea á boca e aparece transformado nun embudo que pode expulsar chorros de auga. Posúen tentáculos. Son mariños e carnívoros




Ex. os polbos, luras e sepias

REINO DOS ANIMAIS

OS ANIMAIS: OS EQUINODERMOS

CARACTERÍSTICAS:

- Son animais mariños que viven sobre o fondo
- O seu corpo está dividido en cinco partes radiais semellantes e posúe un esqueleto interno (endoesqueleto) formado por placas calcarias e recuberto por pel
- Sobre estas placas calcarias poden situarse espiñas
- Posúen un aparato ambulacral que consiste nun sistema interno de canles polas que circula a auga. Desta rede saen pequenos tubos, os pés ambulacrais, que interveñen na respiración, a locomoción e a alimentación
- Carecen de aparato circulatorio, excretor e respiratorio
- Posúen un aparato dixestivo completo coa boca na parte inferior do animal e ano na superior
- A súa alimentación é variada, así por exemplo, as estrelas de mar son carnívoras, mentres que os ourizos aliméntanse de algas, restos de seres vivos e pequenas partículas orgánicas en suspensión na auga
- Reprodúcense sexualmente e algúns como as estrelas de mar, presentan reprodución asexual por rexeneración
- Os grupos máis coñecidos son os asteroideos, ofiuroideos, equinoideos e holoturoideos



ASTEROIDEOS

Teñen forma de estrela e xeralmente presentan cinco brazos. Son as estrelas de mar



OIFIUROIDEOS

O seu corpo é un disco pentagonal do que saen cinco longos brazos. Son as ofiuras



EQUINOIDEOS

Teñen forma globosa, con espiñas e sen brazos. Aliméntanse de algas que arrincan cun curioso aparello mastigador denominada lanterna de Aristóteles



HOLOTUROIDEOS


Posúen un corpo alongado e brando. A súa boca está rodeada por dez tentáculos. Son as holoturias



OS ANIMAIS: OS ARTRÓPODOS

CARACTERÍSTICAS:

- Son o grupo máis numeroso dos animais
- O seu corpo, xeralmente, está dividido en cabeza, tórax e abdome, aínda que nalgúns casos a cabeza e o tórax pódense unir e formar o cefalotórax
- Posúen apéndices formados por pezas articuladas, como as patas e as antenas
- O corpo aparece cuberto por un esqueleto externo ou exoesqueleto ríxido
- Posúen órganos sensoriais moi desenvolados como o oído, a visión, o tacto, ou o olfacto
- Os artrópodos terrestres respiran por tráqueas, e os acuáticos por branquias
- A súa alimentación é variada: algúns son carnívoros, outros herbívoros, detritívoros, etc
- Reprodúcense sexualmente con fecundación interna mediante cópula. Son ovíparos (agás os escorpións que son vivíparos) e algúns pasan por estados larvários, que poden sufrir ou non metamorfose (simple ou completa)
- Clasifícanse en miriápodos, arácnidos, crustáceos e insectos




REINO DOS ANIMAIS

INSECTOS	Teñen o corpo dividido en tres rexións: a cabeza, cun par de antenas, o tórax, do que parten tres pares de patas, e en moitos casos, dous pares de alas; e o abdome. A súa boca posúe apéndices adaptados ás diversas formas de alimentación. Ex. os saltóns, formigas, abellas ou escaravellos	
ARÁCNIDOS	Teñen o corpo dividido en dúas rexións: o cefalotórax, do que saen catro pares de patas, e o abdome. Presentan dous quelíceros con forma de pinza que poden conter veneno para paralizar as presas e dous pedipalpos que poden ser sensitivos ou prénsiles. Respiración traqueal. Ex. as arañas, escorpións e carrachas	
CRUSTÁCEOS	Teñen o corpo dividido en dúas rexións: o cefalotórax, do que saen dous pares de antenas e cinco pares de patas, e o abdome. O primeiro par de patas remata en dúas grandes pinzas. Posúen respiración branquial. Ex: os langostinos, centolos, percebes, nécora ,etc	
MIRIÁPODOS	No corpo diferéncianse a cabeza cun par de antenas, e o tronco, do que nacen un ou dous pares de patas por cada segmento. Son animais terrestres que viven en ambientes húmidos e que posúen respiración traqueal. Ex. os cempés e milpés	


OS ANIMAIS: OS CORDADOS

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

- Os organismos pertencentes a este tipo posúen un eixo nervioso chamado corda dorsal
- Comprende dous grupos: os procordados e os vertebrados




- **Os procordados** son animais mariños moi primitivos e de pequeno tamaño, que se caracterizan por non posuír cráneo, e o seu sistema nervioso está formado por unha corda dorsal que non está protexida por vértebras. Por exemplo o Anfioxo vive semienterrado no fondo mariño
- **Os vertebrados** caracterízanse porque:
 - * presentan un esqueleto interno ou endoesqueleto formado por ósos e cartilaxes
 - * presentan simetría bilateral
 - * teñen o corpo dividido en tres partes: cabeza, tronco e extremidades
 - * o seu corpo está recuberto por pel
 - * o seu aparato dixestivo é completo e está formado por un tubo dixestivo (que consta de boca, esófago, estómago, intestino e ano) e glándulas anexas (fígado, páncreas e glándulas salivais)
 - * respiran por branquias (vertebrados acuáticos) ou pulmóns (vertebrados terrestres). Algúns tamén a través da pel
 - * teñen un aparato excretor que consta dun órgano fundamental, o ril
 - * posúen un sistema nervioso formado polo encéfalo e a medula espiñal das que parten nervios que chegan a todos os órganos do corporais
 - * presentan órganos dos sentidos moi desenvolvidos
 - * posúen unha circulación pechada que poder ser sinxela (peixes e anfibios) ou dobre (réptiles, aves e mamíferos)
 - * a súa reprodución é sexual. Presentan sexos separados e poden ser ovíparos ou vivíparos
 - * clasifícanse en cinco grupos: peixes, anfibios, réptiles, aves e mamíferos



OS ANIMAIS VERTEBRADOS: OS PEIXES

CARACTERÍSTICAS:

- Viven en medio acuáticos
- Teñen un corpo fusiforme (alongado e estreito nos extremos e está cuberto de escamas)
- As súas extremidades son aletas (dorsal, ventral, caudal e anal)
- Respiran por branquias
- A maioría son carnívoros, pero tamén poden ser herbívoros (peixe papagaio) ou parasitas (lamprea)
- A maioría presenta sexos separados e son ovíparos. Dos ovos nacen as crías que reciben o nome de alevíns
- Son poiquiloterms (a súa temperatura cambia coa do medio)
- Case todos os peixes posúen unha vexiga natatoria que poden encher ou baleirar de auga e que empregan para flotar ou manter o equilibrio
- Son capaces de detectar os movementos da auga, os obstáculos e, incluso a presenza de posibles presas ou inimigos grazas a un órgano sensorial, denominado liña lateral que se estende dende a cabeza ata a cola



- Clasifícanse en dous grupos: condríctios e osteíctios

Clasificación dos peixes

Condríctios. Teñen un esqueleto cartilaxinoso. Presentan fendeduras branquiais. A cola é heterocerca, é dicir con dous lóbulos diferentes. Pertencen a este grupo as quenllas e as raias




Osteíctios. Teñen un esqueleto óseo. As súas branquias están protexidas polo opérculo. A cola é homocerca, é dicir, con dous lóbulos iguais: Neste grupo inclúese a maioría dos peixes



OS ANIMAIS VERTEBRADOS: OS ANFIBIOS

CARACTERÍSTICAS:



- Viven na auga durante a primeira etapa da súa vida e no medio terrestre húmido cando son adultos

- Presentan dous pares de patas con dedos unidos por membranas

- Teñen unha pel moi fina, sen escamas, que contén glándulas, unhas para manter o corpo sempre humedecido e outras para segregar veneno

- Teñen sexos separados. Son ovíparos e sempre fan as súas postas na auga. Do ovo nace unha larva acuática con branquias e cola denominada cágado, que posteriormente mediante o proceso da metamorfose, transfórmase en adulto

- Cando son larvas, o

corpo ten unha gran cola e carece de extremidades. Posteriormente ao converterse en cágados e adultos desenvolven extremidades e algúns perden a cola

- As larvas acuáticas respiran mediante branquias. Os adultos como son terrestres, respiran a través de pulmóns, pero o osíxeno que obteñen é insuficiente, polo que toman o osíxeno que lles falta a través da pel

- Todos os adultos son carnívoros

- Son poiquilotermos

- Diferéncianse dous grupos: os anuros e os urodelos

Clasificación dos anfibios


Anuros:. Cando son adultos, carecen de cola e as patas posteriores teñen o dobre de lonxitude que as anteriores. Inclúense neste grupo ás ras e aos sapos

Urodelos. Os adultos posúen catro patas do mesmo tamaño e unha cola moi desenvolvida. Neste grupo están comprendidos as píntegase os tritóns



OS ANIMAIS VERTEBRADOS: OS RÉPTILES

CARACTERÍSTICAS:



- Trátase dos primeiros vertebrados terrestres adaptados á vida terrestre
- Desprázanse arrastrando o seu corpo, xa que posúen patas curtas ou carecen delas
- Todos presentan a pel recuberta de grosas escamas para evitar perdas de auga
- Non soen presentar un oído moi desenvolvido pero si o sentido da vista e do olfacto que no caso das serpes reside na lingua
- Son poiquiloterms
- Case todos os réptiles son carnívoros. Posúen dentes, a excepción das tartarugas, que teñen pico. As serpes venenosas tamén teñen cairos acanalados para inxectar o veneno
- Respiran por pulmóns
- Presentan sexos separados e fecundación interna. Son maioritariamente ovíparos, xa que poñen un ovo en terra firme que está rodeado dunha cuberta dura para evitar a deshidratación. Non sofren metamorfose
- Clasifícanse en catro grupos: quelonios, cocodrilianos, saurios e ofidios

Clasificación dos réptiles

Quelonios. Teñen un pico duro e carecen de dentes. Son as tartarugas



Saurios. Teñen patas. Cunha cabeza, cola e tronco ben diferenciados. Son as lagartas, os lagartos, camaleóns, etc.



Cocodrilianos. Teñen mandíbulas e dentes moi desenvolvidos. Son os crocodilos e os caimáns




Ofidios. Carecen de patas. Teñen o tronco e a cola sen separación. Son as cobras e as serpes



OS ANIMAIS VERTEBRADOS: AS AVES

CARACTERÍSTICAS:



- Posúen un corpo recuberto de plumas, que lle serven para voar, axudar a manter a súa temperatura corporal e atraer a parella
- A súa boca presenta un pico sen dentes, cuxa forma é moi variada e depende do tipo de alimentación
- As extremidades posteriores son patas cubertas de escamas e as anteriores alónganse transformándose en alas
- Os seus ósos son delgados e ocos, menos pesados que no resto dos vertebrados
- A súa alimentación é variada e o seu aparello dixestivo presenta un órgano onde se almacena o alimento (o boche) e outro órgano triturador (a morzoa ou molleja) onde o alimento se tritura grazas á presenza de pequenas pedras que as aves inxiren

- Respiran mediante pulmóns conectados con sacos aéreos, que se estenden ata as vísceras e no interior dos ósos, o cal favorece a respiración e axuda á ave a manterse no aire
- Son homeotermos, é dicir, poden manter a súa temperatura corporal constante e independente da temperatura ambiental
- Todas as aves son ovíparas, é dicir, nacen de ovos que teñen unha casca ríxida. Os pais incúbanos ata que as crías son capaces de valerse por elas mesmas
- Algunhas aves presentan dimorfismo sexual. Para atraer a parella realizan complicados cortexos polo xeral por parte dos machos de plumaxes moi rechamantes ou emitindo sons de reclamo
- Clasifícanse en dous grandes grupos: ratites e carenadas

Clasificación das aves

Ratites. Non voan e son corredoras. A este grupo pertencen o ñandú, o emú e a avestruz



Carenadas. Son voadoras. Na península Ibérica todas as aves salvaxes pertencen a este grupo. Son exemplos o pato real, a cegoña e o falcón



OS ANIMAIS VERTEBRADOS: AS MAMÍFEROS

CARACTERÍSTICAS:



- Reciben este nome porque as femias posúen glándulas mamarias que producen leite coa que alimentan as súas crías
- A súa pel está cuberta de pelo e pode presentar outras formacións (uñas, cornos, etc) e multitude de glándulas, como as sebáceas, as sudoríparas e as mamarias
- Teñen catro extremidades con cinco dedos, que poden reducirse ou adaptarse á función que realizan: marcha, natación ou voo
- A súa cola pode ter diferentes formas, que nalgúns casos mesmo desapareceu
- A súa boca ten beizos e posúen tamén unha larinxe que lles permite emitir sons a través da vibración das cordas vocais. Mostran denticións moi diversas adaptadas a cada tipo de alimentación. Hai especies carnívoras, herbívoras e omnívoras
- Respiran mediante pulmóns
- Presentan dimorfismo sexual e a maioría son vivíparos
- Clasifícanse en tres grupos: monotremas, marsupiais e placentarios

Clasificación dos mamíferos

Monotremas. Son ovíparos, con pico e sen dentes. O ornitorrinco e o equidna son exemplos	Marsupiais. Son vivíparos. As crías nacen inmaduras e completan o seu desenvolvemento na bolsa marsupial. Son exemplos o koala e o canguro	Placentarios. Son vivíparos e teñen placenta coa que o embrión se alimenta e recibe o osíxeno que necesita ata o momento do parto. Existen distintos grupos como os cetáceos, quirópteros, roedores, ungulados, carnívoros ou primates
---	---	---



